

ACORDO do 16 de xuño de 2025, do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola modalidade específica de promoción do persoal laboral fixo, no corpo de xestión da Administración xeral e corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2,convocado mediante a Resolución do 24 de febreiro de 2025 (Diario Oficial de Galicia número 48, do 11 de marzo).

En sesión que tivo lugar o 16 de xuño de 2025, o tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola modalidade específica de promoción do persoal laboral fixo, no corpo de xestión da Administración xeral e corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, convocado mediante a Resolución do 24 de febreiro de 2025 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 48, do 11 de marzo), acordou, de conformidade co disposto na base II.1.2 establecer os criterios de corrección, valoración e superación da proba tipo test.

1. CUESTIÓNS XERAIS SOBRE A PROBA

A proba tipo test consiste en contestar por escrito un cuestionario de cen (100) preguntas tipo test.

As persoas aspirantes deberán sinalar na folla de exame as opcións de respostas que estimen válidas consonte ás instrucións que se lles faciliten.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha será a correcta.

O exercicio dispón de cinco (5) preguntas de reserva.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

As regras de puntuación serán as seguintes:

- a) Cada resposta correcta equivale a unha unidade de puntuación
- b) Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta
- c) As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación



O tempo máximo de duración deste exercicio será de cento vinte (120) minutos.

Para o desenvolvemento desta proba poderán servirse de textos legais sen comentarios. En relación con estes, admitiranse as súas versións consolidadas, aquelas nas cales figuren notas de vixencia e/ou referencias cruzadas a outras normas e os subliñados simples.

Considérase que se axusta ao anteriormente exposto levar os textos legais acoutados, non sendo necesario levar completos os textos legais sobre os que se formularon a batería de preguntas, sempre que eses textos non leven comentarios, nin ningunha outra alteración ou modificación. Os textos legais poden estar subliñados sempre que non leven ningún tipo de anotación.

Finalmente tamén se permite que eses textos legais leven unha marca de auga ou un logo indicativo da entidade que os elaborou, sempre e cando cumpran as restantes condicións anteriormente indicadas.

Ao remate da proba cada aspirante poderá obter copia das súas respostas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicárase o contido da proba e as respostas correctas no portal web corporativo funcionpublica.xunta.gal.

O exercicio cualificarase como "apto" ou "non apto". Para obter a cualificación de "apto" será necesario obter o número mínimo de preguntas correctas que determine o tribunal.

2. DETERMINACIÓN DA CUALIFICACIÓN DE APTO NA PROBA TIPO TEST

En cumprimento da potestade de determinación do criterio de cualificación de "apto" da proba indicada, o tribunal acordou que terán a cualificación de "apto" as persoas aspirantes que acaden corenta (40) respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2025

Rubén Plaza Martínez

Presidente do tribunal

